

“Onde o mundo se chama Bernardo Axtaga”ⁱ

Boa tarde. Preparando esta brevísima intervención decateime que a descuberta da existencia dun escritor eúscaro, que se chamaba Axtaga, produciuse hai por volta de vinte e cinco anos con ocasión de preparar algún tema dunhas oposicións ao ensino. Entre temas que circulaban libremente dei cunha proposta de traballo que amosaba dous poemas confrontados, para analizar, subscritos por un tal Celso Emilio Ferreiro, por un lado, e por Axtaga, probablemente do poemario *Etiopía*, polo outro, con dúas fotos, ademais, nas que os autores se miraban un ao outro sorrindo. Non conservo aquel texto, nin lembro sequera os poemas concretos, mais si reteño a lembranza exacta daquela fotocopia que, non sei a razón, ficou gravada nos arquivos da memoria. Pasados os anos pregúntome se a aquilo se debería chamar epifanía, se foi un momento cando os astros se alinearon ou se se trata doutra mostra máis do que un amigo meu chama “providencia laica” pois nunca sospeitaria que aqueles dous autores, que se ollaban fronte a fronte, cos seus poemas por baixo, ían ocuparme tanto e tan gozosamente no que estaba por vir; ían posibilitar que gustase máis da literatura, que esta me permitise manter unha actitude na que aínda hai lugar para as descubertas, para o que non se agarda, para a aprendizaxe como lector, como crítico literario, como docente, como persoa: no caso do poeta de Celanova en moitas fronteas, no caso de Axtaga en primeira instancia como lector e, con fortuna e mercé á confianza que depositaron no meu traballo dous selos editoriais como son Edicións Xerais de Galicia e Kalandraka, como tradutor.

Afirmaba Bioy Casares que a lembranza que deixa un libro, ás veces, é máis importante que o libro en si. Podería entenderse como unha petulancia, e rogo que así non se comprenda, que os libros de Bernardo Axtaga que, particularmente, lin deixaron un pouso, un ronsel de evocacións en min máis relevantes que o libro en si. Non é así, abofé, quero dicir tan só que resulta inevitable non vincular unha lectura, no meu caso un traballo de tradución, cunhas circunstancias persoais e particulares que inevitablemente conviven con un e que, olladas con perspectiva, resultaron tan gozosas que resulta de lei que agradeza publicamente a fortuna que significou para min, en moi diversas ordes, partillar horas man con man, talvez cumpriría dicir libro con pantalla de ordenador, con *O fillo do acordeonista*, *Obabakoak* ou *Sete casas en Francia*, alén doutras lecturas, mais tamén co autor que circulaba e latexaba detrás daquelas palabras que un traducía.

A Bernardo Axtaga coñecino persoalmente hai cousa de unha hora, mais sen medo a confundir iso da instancia autorial co que se reflicte na práctica literaria, podo dicir que xa sabía un chisco do Axtaga escritor pois sempre hai entre autor e obra sons, se cadra inaudibles mais que fican, en tantas ocasións, cimbrando no ar e que só cómpre saber oílos e interpretalos.

A tradución literaria e práctica da crítica literaria, ao meu ver, amorea en quen traduce e le seixos pequeniños que erixen un milladoiro fantástico, isto é, unha bagaxe en moitas ocasións invisible ou escasamente transparente para quen unicamente le e que consiste en reparar, talvez con máis atención, nos recursos, nas ferramentas que se empregan, nos asuntos que trata, na

pluralidade de focos de atención que vai se van desvelando diante dun con vagar, case imperceptiblemente pero que, ao tempo, deixan un remol que, nun momento determinado, como agora, prende e que revela o que alguén, neste caso Axtaga, me deixa a min, nos deixa aos lectores contemporáneos, naquilo que deixará para os lectores que están por vir.

Chegado aquí quixera compartir que vén sendo o máis particular da escrita de Axtaga, o que máis me enfeitiza da voz e das voces que se proxecta nos seus libros..., e se tivese que quedar tan con dous trazos pois pola escaseza de tempo do que dispoño así ten que ser, diría que imaxino un Axtaga que se impuxo cultivar literariamente, con disciplina férrea, non sei se case espartana, unha ollada gobernada pola naturalidade e a fluidez dos seus textos, por un lado, e o deixarse levar polos meandros da memoria, colectiva e persoal. Respecto do primeiro factor, Axtaga prioriza a claridade, a exposición desposuída de requintados abalorios, potencia e espreme até o máximo a contundencia e a claridade na comunicación algo non enfrontado, xaora, coa procura dunha linguaxe literaria, quen o dubida. Respecto do segundo trazo, Axtaga remexe, ou iso penso, nos fondos desa fonte que é a memoria, e faino de maneira que sempre é doado facerse preguntas, cuestionarse, inquirirse sobre aspectos que rodean, como non, a propia condición humana. O seu último libro, *Días de Nevada* é un libro polifónico, construído por fragmentos de diarios, pasando pola narración de viaxes, crónica, ficción en forma de conto ou case novela... Aí fálase das preguntas que, en ocasións, non atopan resposta..., di esa voz narrativa, se cadra unha das máis directamente autobiográficas, e traduzo: "As preguntas xiraban na miña mente. Eran sombras no cuarto. Durmín sen esperanza. Nin sequera a raíña Mab, dona dos sonhos, sabería achar unha resposta". Respostas talvez non haxa neste libro, mais si, ao meu ver, espazos que permiten reflexionar e procurar algo máis como particularmenteme me resultou inevitable facer con fragmentos estremecedores, e tan transparentes que parecen feitos de cristal, como os que permiten percorrer a memoria do pai que por aquí circula e que, persoalmente, tanto me emocionou.

Conclúo xa. Na web de Axtaga áchanse moitas sorpresas. Entre elas unha escolma de artigos do autor. Chamoume a atención un titulado "Mi primera lengua" onde fai un percorrido polas leccións aprendidas sobre a súa primeira lingua, sobre as linguas. Non me resisto a compartir a conclusión deste artigo porque advirto moitas confluencias coa percepción, situación e problemas que nós vivimos coa nosa lingua galega:

Como escritor que soy -aunque si no lo fuera daría lo mismo- creo que las lenguas son importantes; todas ellas, también aquellas que hablamos precariamente. Las palabras siempre van asociadas a trozos de vida, y sirven de gran ayuda a la hora de preguntarnos por las personas y por el mundo. Así me ocurre a mí con *atta, ama, ebi, eguzki, Pater noster, te amo gustavo, eres adorable Vanessa, hypocrisy, hable usted en cristiano* y con miles de palabras más.

Con todo, hay lenguas que nos marcan más que otras y ocupan un territorio amplio de nuestro espíritu. Es mi caso con el euskara: no porque fue la lengua de mi niñez, ni por llevar consigo -como dicen

algunos escritores- una particular visión del mundo -me parece difícil, sino por razón de su especial historia; una historia dura en la que mi familia, mis amigos, los miembros de mi generación, una tercera parte o más de los vascos, y yo mismo, nos hemos visto implicados.

Un amplo territorio do espírito das persoas que aquí estamos está coa lingua galega, e tamén coa palabra en galego. Estas afirmacións que compartín convosco fan que un se sinta próximo a Atxaga. Reflexións coma estas acarón da súa obra literaria fan que un see sinta moi orgulloso de que as escritoras e escritores deste noso país, agrupados na AELG, outorguen mañá o recoñecemento de Escritor Galego Universal, algo que eu entendo como que o escritor ou escritora escolleito pasa a ser deses “bos e xenerosos” que o noso himno nos recorda. Roberto Bolaño, para nós o outro Bolaño, manifestou nunha ocasión que distinguía entre escritores e escribidores. En efecto, acompañanos hoxe un escritor que se chama Bernardo Axtaga e que nos falará desas suxestivas “Reaccións ante unha pedra riscada”. Eskerrik asko, Bernardo. Moitas grazas.

Ramón Nicolás, 2 de maio de 2014

ⁱ Presentación da conferencia que Bernardo Axtaga ofreceu no Pazo de Mugartegui de Pontevedra con motivo do seu nomeamento pola [AELG](#) como [Escritor Galego Universal](#).